



Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas

www.federaciongallegakarate.es
administracion@federaciongallegakarate.com



CIRCULAR Nº: 9/19-20

Ferrol, 10 de xuño de 2020

ASUNTO: Competición e-Kumite Infantil

PRESENTACIÓN: A FGK organiza a súa segunda competición virtual que novamente pretende ofrecer unha iniciativa deportiva innovadora aos deportistas que terían participado no Campionato Galego Infantil, que se debeu cancelar pola crise sanitaria do COVID-19. A competición realizarase empregando o software de vídeo-chamadas Zoom e será retransmitida en directo pola canle de You Tube da FGK.

DATA DE CELEBRACIÓN: 27 de xuño de 2020

HORARIOS: Dependerán da cifra definitiva de participantes. Serán comunicados unha vez realizado o sorteo.

MODALIDADE: Fundamentos técnicos de kumite

CATEGORÍAS:

- Kumite Alevín Feminino Open
- Kumite Alevín Masculino Open
- Kumite Infantil Feminino -36 kg.
- Kumite Infantil Feminino +36 kg.
- Kumite Infantil Masculino -35kg
- Kumite Infantil Masculino +35 kg.
- Kumite Xuvenil Feminino -42 kg.
- Kumite Xuvenil Feminino +42 kg.
- Kumite Xuvenil Masculino -42 kg.
- Kumite Xuvenil Masculino +42 kg.

A FGK resérvase o dereito de agrupar categorías no caso de que exista un número insuficiente de participantes inscritos (mínimo 8 participantes por categoría)

IDADES:

- Alevín: nados en 2011 e 2012.
- Infantil: nados en 2009 e 2010.
- Xuvenil: nados en 2007 e 2008.



Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas

www.federaciongallegakarate.es
administracion@federaciongallegakarate.com



CARACTERÍSTICAS DO EXERCICIO DESEÑADO PARA A COMPETICIÓN E DESENVOLVEMENTO DA PROBA:

1. Durante 30 segundos deberá realizar técnicas a nivel jodan e chudan sobre unha referencia fixa (saco ou elemento que cumpra unha función semellante e que poderá ser de fabricación propia).
2. As accións poderán ser simples e combinadas, de puño e de perna, podendo ademais realizar accións sen finalidade puntuadora como fintas, amagos, esquivas, defensas e diferentes tipos de desprazamentos.
3. As técnicas poderán tocar o elemento empregado como referencia, sempre que o contacto sexa lixeiro e controlado. As técnicas que non toquen o elemento de referencia e queden a un máximo de 10 cm. do mesmo, serán consideradas correctas.
4. Deberá realizar polo menos unha acción por cada unha das diagonais.
5. Deberá realizar polo menos unha acción con cada unha das gardas (esquerda/dereita).
6. Ao comezo da proba deberá realizar o saúdo fronte ao dispositivo empregado (teléfono, tablet, ordenador,...) e colocarse en kamae fronte ao elemento de referencia. Un toque de silbato indicará o comezo e o fin da proba. Deberá saudar novamente unha vez finalizado o exercicio.
7. En caso de empregar dispositivos coma móbiles ou tablets, deberán colocarse de forma horizontal para ofrecer unha mellor visualización do exercicio aos xuíces.



Exemplo de colocación do deportista e elemento de referencia fronte ao dispositivo



Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas

www.federaciongallegakarate.es
administracion@federaciongallegakarate.com



INSTRUCCIÓN DE PARTICIPACIÓN:

1. Aos participantes enviaráselles a información necesaria para unirse a unha video-chamada mediante Zoom.
2. Agardarán na sala de espera da aplicación mentres chega o seu turno de competición.
3. Os deportistas serán emparellados e realizarán o exercicio na orde que indique o sorteo (AKA/AO)
4. O dispositivo empregado para a video-chamada deberá estar a unha distancia que permita unha visualización completa do exercicio por parte do panel arbitral.
5. O vencedor pasará á seguinte ronda, debendo realizar o exercicio tantas veces coma encontros deban disputar.

EQUIPAMENTO:

1. Karategi, guantillas, protectores de tibia-pé e cinto (AKA/AO)
2. Os deportistas realizarán a proba coa cor que se lles asigne no sorteo de competición (AKA/AO).

GRAO: Libre.

PARTICIPACIÓN: Un competidor por cada 5 licenzas ou fracción tramitadas ata o 30/05/2020.

INSCRICIÓN:

- As inscricións realizaranse por vía telemática **ata o 19 de xuño de 2020**, a través da plataforma <http://karatescoring.com/>
- Sen custe de inscrición.
- Non se admitirán inscricións fóra do prazo estipulado.

SISTEMA DE COMPETICIÓN: eliminatoria directa con repesca.

SORTEO: Realizarase o 23 de xuño de 2020. Darase de prazo ata as 14'00 horas do día seguinte para atender posibles reclamacións. Unha vez pasado ese prazo, comunicaranse aos clubs os cambios efectuados e os sorteos serán definitivos (salvo causa extraordinaria que xustifique novamente a súa modificación). No sorteo non haberá cabezas de serie.

Vº Pr.

O PRESIDENTE DA COMISIÓN XESTORA

O DIRECTOR TÉCNICO

Asdo.- Miguel López Otero

Asdo.- Óscar Lafuente López